



# **MEMORIA DA ACTIVIDADE**

**DESENVOLVIDA AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE  
AXUDAS PARA ORGANIZAR CURSOS DE EXTENSIÓN  
DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO ANO 2025  
(CAMPUS DE PONTEVEDRA)**

# **OBRADOIRO: CONSTRÚE O TEU FORNO CERÁMICO**

## **Datas e horarios:**

Xoves 10 de xullo de 2025, de 16:00h a 18:00h  
Martes 15 e mércores 16 de xullo de 2025, de 10:30h a 13:30h  
Luns 15 e martes 16 de setembro de 2025, de 16:00h a 21:00h  
Mércores 17 de setembro de 2025, de 09:00h a 21:00h  
Xoves 18 de setembro de 2025, de 12:00h a 14:00h e de 16:00h a 19:00h

## **Número de asistentes:**

20

## **Coordinación da actividade:**

M<sup>a</sup> Covadonga Barreiro Rodríguez-Moldes, Profesora Axudante Doutor no Departamento de Escultura (Facultade de Belas Artes de Pontevedra)

## **Docentes:**

Teresa Pece Montenegro  
Wladimir Vivas

## **Lugar:**

Facultade de Belas Artes de Pontevedra (Espazo 14, patio interior, obradoiro de cerámica e sala de reunións do departamento de escultura)

## **Descrición e obxectivos:**

O obradoiro foi proposto coma unha aproximación ás coccións con fornos de leña e o seu obxectivo principal era aprender a construír un pequeno forno con ladrillo refractario illante que permitise acadar os graos necesarios para cocer arxila a alta temperatura.

## **Desenvolvemento da actividade:**

O obradoiro desenvolveuse segundo o programado no cronograma inicial.


Nas primeiras sesións, acontecidas no mes de xullo e dirixidas por Teresa Pece, construíronse e modeláronse as pezas con diferentes pastas aptas para cocción en alta temperatura. Estas pezas deixáronse secar e bizcocháronse nos fornos da facultade.

No mes de setembro iniciamos a actividade central do curso: a construción do forno para cocción en leña (tamén adaptable a gas) no patio da facultade de Belas Artes. Nesta acción, as e os participantes construíron o forno guiados polos coñecementos e a experiencia de Wladimir Vivas. Tamén aplicaron diferentes esmaltes ás pezas e cargaron o forno para a súa posta en funcionamento. O día da queima establecéronse turnos para atender o lume e controlar as curvas de temperatura ata chegar aos 1300º.

Na derradeira xornada do curso Wladimir Vivas impartiu unha conferencia sobre historia e tipoloxía dos fornos cerámicos, e a continuación procedeuse a abrir o forno para sacar as pezas xa cocidas. Como remate, avaliáronse e comentáronse todos os resultados obtidos resolvendo as dúbidas e cuestións surxidas por parte das e dos participantes.









### **Avaliación:**

Ao finalizar o obradoiro realizouse unha enquisa anónima aos/ás participantes a través do correo electrónico, consultando sobre diferentes aspectos coma a satisfacción coas datas e horarios de realización do obradoiro, a súa duración, os medios / ferramentas utilizados, a atención recibida, a coordinación, o profesorado, a metodoloxía docente, a participación...

Tamén consultouse sobre os aspectos a mellorar, sobre os que resultou mellor e peor da actividade, e pediuse a valoración do curso en relación ás expectativas previas de cada participante, así coma suxestións para futuras edicións.